

CPI TERRAS DE MASIDE

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

ÍNDICE

1. XUSTIFICACIÓN.
2. MARCO LEGAL.
3. FUNCIONS E RESPONSABILIDADES RESPECTO Á ACCIÓN TITORIAL.
 - 3.1. Titoras e titores.
 - 3.2. Xefatura de estudos.
 - 3.3. Profesorado.
 - 3.4. Departamento de orientación.
4. OBXECTIVOS.
5. CONTIDOS.
6. METODOLOXÍA.
 - 6.1. Principios xerais.
 - 6.2. Aspectos organizativos
 - 6.2.1. Criterios para asignar as titorías.
 - 6.2.2. Coordinación.
 - 6.2.3. Horarios.
 - 6.2.4. Comunicación coas familias.
 - 6.2.5. Seguimento do proceso de avaliación do alumnado do grupo.
 - 6.3. Estratexias e técnicas docentes.
 - 6.4. Recursos.
7. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN.
 - 7.1. Momentos.
 - 7.2. Niveis.
 - 7.3. Instrumentos.
 - 7.4. Criterios.
 - 7.5. Memoria.

1. XUSTIFICACIÓN

A función titorial é un labor pedagóxico encamiñado á tutela, acompañamento e seguimento do alumnado, coa intención de que o proceso educativo de cada alumna e alumno se desenvolva en condicións o máis favorables posible. A acción titorial forma parte da tarefa educativa e é inseparable do proceso de ensino-aprendizaxe. Dende esa concepción, titoría, orientación, apoio educativo e intervención psicopedagóxica especializada forman parte do currículo, entendido este como oferta educativa integral, dirixida a todos os aspectos da aprendizaxe e da maduración da personalidade do alumnado.

É función do profesorado titor e, en xeral, é función da orientación educativa prestar particular atención a aqueles aspectos do currículo que deben formar parte da educación ordinaria, que corren perigo de quedar postergados e que, sen embargo, contribúen de modo decisivo á educación integral da persoa. Algo semellante hai que dicir das dimensións transversais do currículo: daqueles contidos curriculares que han de impregnar as distintas materias. Polo seu carácter transversal a distintas materias do currículo, estas dimensións ou eixos teñen enorme potencial integrador de capacidades de distintos ámbitos e tamén teñen enorme poder personalizador, de educación integral da persoa.

Entendemos a orientación e a titoría do alumnado como unha tarefa de todo o profesorado e que, en consecuencia, abarca tanto actuacións que, con carácter máis específico, desenvolve o profesorado titor co seu grupo, coas familias e co resto do profesorado como aquelas outras que cada profesor e profesora leva a cabo na súa materia para orientar e apoiar o proceso de aprendizaxe de cada un dos seus alumnos e alumnas.

En definitiva, a función titorial, para que sexa real e eficaz, debe ser cooperativa. Deben colaborar, en diferentes graos e maneiras, todos os membros da comunidade educativa (profesorado titor, equipo docente, departamento de orientación, equipo directivo, familias...).

Para o desenvolvemento do PAT contaremos, cando menos, coas seguintes ferramentas:

- a) O traballo do profesorado titor.
- b) A actuación coordinada do equipo de profesoras e profesores.
- c) O apoio do departamento de orientación.
- d) A coordinación do equipo directivo.
- e) A cooperación das familias.
- f) A colaboración con outras institucións (Servizos Sociais, Servizos Sanitarios, Equipos de Orientación Específicos, ONGs...).

2. MARCO LEGAL

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implanta e regulan os centros públicos integrados de ensino non universitario
- Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a Orientación Educativa e Profesional na comunidade autónoma de Galicia.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da comunidade autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 3 de outubro de 2000 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do decreto 7/1999 polo que se implanta e regulan os centros públicos integrados de ensino non universitario
- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/98.
- Orde de 27 de decembro de 2002, pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais.
- Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro.
- Circular 10/2010 da D.X. de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia.

3. FUNCIONES E RESPONSABILIDADES RESPECTO Á ACCIÓN TITORIAL

3.1. Titoras e titores (artigo 32º, do Decreto 7/1999, polo que se implanta e regulan os centros públicos integrados)

- a. Participar no desenvolvemento do plan de acción titorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación da xefatura de estudos que proceda e en colaboración co departamento de orientación.
- b. Proporcionarlles no principio de curso, ao alumnado e aos pais e nais do alumnado ou titores legais ou ordinarios, así como ás persoas ou institucións que ostentan a garda e protección do menor, información documental ou, no seu defecto, indicar onde poden consultar todo o referente o calendario escolar, horarios, horas de titoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo.
- c. Coñecer as características persoais de cada alumno/a a través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos para conseguir ese coñecemento.
- d. Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno/a.
- e. Efectuar un seguimento global dos procesos de ensino-aprendizaxe do alumnado para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxectivo de buscar as respostas educativas adecuadas e solicitar os oportunos asesoramentos e apoios.
- f. Coordinar as adaptacións curriculares necesarias para o alumnado do seu grupo.
- g. Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do centro.
- h. Orientar ao alumnado dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.
- i. Informar ao equipo de profesores e profesoras do grupo de alumnos/as das súas características, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.
- j. Coordinar o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnos/as.
- k. Organizar e presidir as sesións de avaliación do seu grupo.
- l. Favorecer o proceso de maduración vocacional orientando e asesorando o alumnado sobre as súas posibilidades académicas e profesionais.
- m. Colaborar co departamento de orientación do centro nos termos que se establezan.
- n. Colaborar cos demais titores e titoras e co departamento de orientación no marco

	<p>do proxecto educativo do centro.</p> <p>o. Orientar as demandas e inquiredanzas do alumnado e mediar, en colaboración co delegado do grupo, ante o resto do profesorado, alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.</p> <p>p. Informar o alumnado, os pais e nais/representantes legais e o profesorado de todo aquilo que lles afecta en relación coas actividades docentes e no rendemento académico.</p> <p>q. Facilitar a cooperación educativa entre o profesorado e os pais e nais do alumnado ou representantes legais.</p> <p>r. Exercer a coordinación entre os membros do equipo docente.</p> <p>s. Cubrir os documentos oficiais relativos o seu grupo de alumnos/as.</p> <p>t. Controlar a falta de asistencia e puntualidade do alumnado e ter informados aos pais ou representantes legais e a xefatura de estudos.</p> <p>u. Implicar ás familias nas actividades de apoio o aprendizaxe e orientacións dos seus fillos e fillas.</p> <p>v. Atender, xunto co resto de profesorado, ao alumnado mentres estes permanezan no centro en períodos de lecer.</p> <p>w. Desenvolver as actividades previstas no PAT baixo a coordinación da Xefatura de Estudos e en colaboración co Departamento de Orientación.</p> <p>x. Realizar actividades de tutoría presencial semanal co seu grupo de alumnos/as.</p> <p>y. Encauzar as demandas, inquiredanzas, problemas, suxestións, etc, xurdidas nas sesións titoriais mediando co equipo de profesores e profesoras.</p> <p>z. Presidir e coordinar as sesións de avaliación do seu grupo buscando compromisos de mellora.</p>
<p>3.2. Xefatura de estudos</p>	<p>a. Supervisar a elaboración do PAT e realizar propostas.</p> <p>b. Velar polo cumprimento da planificación consensuada e dos acordos tomados.</p> <p>c. Garantir a coordinación entre o profesorado titor e o departamento de orientación.</p>
<p>3.3. Profesorado</p>	<p>a. Tutelar o proceso de aprendizaxe de cada alumna e alumno na súa materia.</p> <p>b. Atender ás súas necesidades específicas de apoio educativo.</p> <p>c. Atender á formación integral do alumnado máis alá da mera instrución de coñecementos sobre a súa disciplina.</p> <p>d. Preocuparse polas súas circunstancias persoais.</p>

	<p>e. Apoiar/los/as na toma de decisións sobre o seu futuro.</p> <p>f. Facilitar/les a integración no grupo.</p> <p>g. Favorecer a súa autoestima.</p> <p>h. Orientar/los/as sobre a mellor maneira de estudar a súa materia.</p> <p>i. Atender ás súas demandas e suxestións.</p> <p>j. Coordinarse co profesorado titor e aportarlle información e apoio.</p> <p>k. Participar activamente nas actividades deseñadas no PAT, cando o titor/a o solicite.</p>
<p>3.4. Departamento de orientación</p>	<p>3.4.1. Respecto ao profesorado:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Elaborar o PAT, tendo en conta as directrices da CCP e as necesidades e intereses manifestados polos tutores e titoras. ▪ Participar no seguimento, avaliación e revisión do PAT. ▪ Proporcionar os recursos e o asesoramento necesarios a cada titor e titora para o seu desenvolvemento e intervir directamente cando sexa solicitado. ▪ Facilitar a intervención doutros membros da comunidade educativa e doutros organismos e institucións, en fases concretas do plan, para abordar aspectos especializados. ▪ Asesorar en cuestións de metodoloxía, avaliación, medidas de atención á diversidade, ... ▪ Asistir ás sesións de avaliación. ▪ Difundir bibliografía específica sobre temas educativos e materiais útiles para a mellora da práctica docente e titorial. <p>3.4.2. Respecto ás familias:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Cooperar na relación profesorado titor-familias para a solución de problemas que afecten aos seus fillos e fillas. ▪ Potenciar actividades formativas dirixidas ás familias. <p>3.4.3. Respecto ao centro:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Colaborar co equipo directivo na elaboración de criterios para otorgar as titorías. ▪ Dinamizar as medidas que incidan na mellora da convivencia nos centros educativos e na promoción de condutas tolerantes. ▪ Colaborar coa xefatura de estudos nos criterios de coordinación da acción titorial.

3.4.4. Respecto ao alumnado:

- Coordinar accións que favorezan o tránsito do alumnado entre etapas educativas, especialmente cando implique o cambio de centro educativo.
- Asistir ás horas de tutoría, nos distintos grupos e niveis da ESO, para desenvolver actividades específicas de orientación previstas no PAT e no Plan de Orientación Académica e Profesional.
- Asesorar e prestar apoio individual ao alumnado segundo as demandas e necesidades que vaian xurdindo.
- Realizar un seguimento do alumnado e organizar a atención docente do profesorado de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe.
- Potenciar actividades formativas dirixidas ao alumnado.

4. OBXECTIVOS

OBXECTIVOS XERAIS	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS
<p style="text-align: center;">Impulsar o desenvolvemento psicosocial do alumnado</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Contribuír á formación integral do alumnado, en sintonía cos principios de tolerancia, igualdade, respecto, solidariedade e paz, e cara á participación responsable na toma de decisións e no solución dialogada dos conflitos. ▪ Facilitar a integración do alumnado no centro e no grupo-clase. ▪ Contribuír á socialización do alumnado e promover actividades que fomenten a convivencia. ▪ Impulsar a participación do alumnado nas actividades complementarias e extraescolares. ▪ Dar a coñecer as normas de organización e funcionamento e as normas de convivencia do centro; e concretar ás de cada aula. ▪ Promover que adopten formas de conduta maduras, exercendo os seus dereitos e deberes. ▪ Favorecer o desenvolvemento adecuado da identidade persoal, o autoconcepto e a autoestima. ▪ Fomentar a autonomía persoal. ▪ Desenvolver a madurez vocacional.
<p>Optimizar os procesos de ensino-aprendizaxe.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Contribuír á individualización e personalización dos procesos de ensino-aprendizaxe.

	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñecer e valorar as características do grupo de alumnas e alumnos, tanto desde o punto de vista persoal, como no relativo á competencia curricular, ás estratexias de aprendizaxe, á motivación, aos intereses, ás preocupacións e inquiredanzas, ás relacións persoais; e coa finalidade de adoptar as respostas educativas adecuadas. ▪ Realizar un seguimento dos procesos de aprendizaxe do alumnado para previr e detectar dificultades e necesidades especiais, recabando, se cómpre, os oportunos asesoramentos e apoios. ▪ Levar a cabo o seguimento das medidas de reforzo educativo e das adaptacións curriculares significativas que se propoñan. ▪ Desenvolver a capacidade de pensar, de aprender a aprender. ▪ Entrenar en técnicas de traballo intelectual. ▪ Facilitar a reflexión sobre os procesos de aprendizaxe. ▪ Impulsar o desenvolvemento de estratexias de aprendizaxe autónoma e reflexiva.
<p>Coordinar as accións dos equipos docentes</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Implicar ao profesorado nas tarefas orientadoras e de tutoría. ▪ Promover e coordinar o axuste das programacións ás necesidades educativas do alumnado. ▪ Coordinar a acción dos profesionais que participen na intervención educativa co alumnado que presenta necesidades específicas de apoio educativo. ▪ Coordinar o proceso de avaliación das aprendizaxes e presidir as sesións de avaliación. ▪ Colaborar e establecer liñas comúns de acción co resto do profesorado titor, no marco do proxecto educativo do centro. ▪ Mediar nos posibles conflitos entre alumnado e profesorado.
<p>Orientar ás familias no seu labor educativo</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Contribuír ao establecemento de relacións fluídas coas familias. ▪ Coordinar as actividades educativas familia-escuela. ▪ Fomentar a súa participación nas actividades propostas polo centro. ▪ Proporcionarlles información sobre a evolución dos seus fillos e fillas, as decisións adoptadas e sobre calquera outro tema relacionado coa súa educación. ▪ Asesorarlles ante conflitos ou situacións problemáticas que poidan ter coas

	<p>súas fillas e fillos.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Solicitarlles colaboración nas actividades de reforzo e apoio escolar que, no seu caso, sexan necesarias. ▪ Informarlles sobre as normas de organización e funcionamento do centro e sobre as normas de convivencia, en especial ás familias do alumnado de novo ingreso.
--	---

5. CONTIDOS

BLOQUES	CONTIDOS
SER PERSOA	<ul style="list-style-type: none"> – Identidade persoal. – Autonomía. – Autoestima. – Desenvolvemento emocional. – Educación para a saúde. – Educación afectivo-sexual.
CONVIVIR	<ul style="list-style-type: none"> – Acollida. – Normas de organización, funcionamento e convivencia. – Normas da aula. – Elección de delegado/a. – Prevención do acoso escolar. – Habilidades sociais. – Educación ambiental. – Educación do consumidor. – Educación para a paz. – Educación para a igualdade de oportunidades de ambos os dous sexos.
PENSAR	<ul style="list-style-type: none"> – Programas de mellora da intelixencia. – Técnicas de estudo e hábitos de traballo.

DECIDIR

- Coñecemento de si mesmo.
- Información.
- Toma de decisións.

Na ESO, a hora semanal de tutoría grupal, non é unha materia máis do currículo. É máis ben un espazo para a análise e reflexión sobre os procesos de aprendizaxe, a dinámica do propio grupo, o funcionamento do centro, a participación do alumnado na dinámica escolar e sobre o futuro académico e profesional.

Esta proposta de contidos deixa ao profesorado titor unha ampla marxe de autonomía co fin de que poidan axustarse á realidade de cada grupo e ás características individuais do alumnado. En calquera momento, pode ser preciso reaxustar as actividades preparadas para atender á problemática e natureza concreta de cada grupo. Deste xeito, o profesorado titor deixa de ser mero executor dun plan previamente establecido e pasa a ter un papel activo nas decisións relativas aos obxectivos e contidos planificados.

A continuación expónse a proposta de temporalización dos contidos, suxeita a posibles modificacións que quedarán recollidas na memoria de cada curso académico. En cada trimestre inclúense, ademais, actividades relativas a distintas celebracións (día dos dereitos humanos, muller, violencia de xénero, paz...).

1º ESO:

TEMPORALIZACIÓN	ACTUACIÓN	BLOQUE	RESPONSABLES
PRIMEIRO TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> • Acollida. 	CONVIVIR	Equipo directivo Profesorado titor
	<ul style="list-style-type: none"> • Presentación da programación da hora lectiva de tutoría. • Cuestionario persoal. 		Profesorado titor
	<ul style="list-style-type: none"> • Avaliación inicial: aptitudes intelectuais 	PENSAR	Xefatura departamento orientación
	<ul style="list-style-type: none"> • Elección de delegado/a. • Normas do centro e da aula. 	CONVIVIR	Profesorado titor
	<ul style="list-style-type: none"> • Técnicas e hábitos de estudo. 	PENSAR	Profesorado titor
	<ul style="list-style-type: none"> • Prevención do acoso escolar. 	CONVIVIR	Profesorado titor
	<ul style="list-style-type: none"> • Sesión preavaliación. • Avaliación das actividades do trimestre 		Profesorado titor
SEGUNDO TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> • Sesión postavaliación. 		Profesorado titor
	<ul style="list-style-type: none"> • Habilidades sociais. 	CONVIVIR SER PERSOA	Profesorado titor
	<ul style="list-style-type: none"> • Educación para a saúde: alimentación. 	SER PERSOA	Profesorado titor
	<ul style="list-style-type: none"> • Sesión preavaliación. 		Profesorado titor
	<ul style="list-style-type: none"> • Avaliación das actividades do trimestre. 		Profesorado titor
TERCEIRO TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> • Sesión postavaliación. 		Profesorado titor
	<ul style="list-style-type: none"> • Educación afectivo-sexual. 	SER PERSOA	Profesorado titor
	<ul style="list-style-type: none"> • Orientación académico-profesional. 	DECIDIR	Profesorado titor Xefatura departamento orientación
	<ul style="list-style-type: none"> • Sesión preavaliación. • Avaliación das actividades do trimestre e avaliación final. 		Profesorado titor

2º ESO:

TEMPORALIZACIÓN	ACTUACIÓN	BLOQUE	RESPONSABLES
PRIMEIRO TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> • Acollida. 	CONVIVIR	Equipo directivo Profesorado titor
	<ul style="list-style-type: none"> • Presentación da programación da hora lectiva de tutoría. • Cuestionario persoal. 		Profesorado titor

	<ul style="list-style-type: none"> • Elección de delegado/a. • Normas do centro e da aula. 	CONVIVIR	Profesorado titor
	<ul style="list-style-type: none"> • Técnicas e hábitos de estudo. 	PENSAR	Profesorado titor
	<ul style="list-style-type: none"> • Prevención do acoso escolar. 	CONVIVIR	Profesorado titor
	<ul style="list-style-type: none"> • Educación para a saúde: alimentación. 	SER PERSOA	Profesorado titor
	<ul style="list-style-type: none"> • Sesión preavaliación. • Avaliación das actividades do trimestre 		Profesorado titor
SEGUNDO TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> • Sesión postavaliación. 		Profesorado titor
	<ul style="list-style-type: none"> • Habilidades sociais. 	CONVIVIR SER PERSOA	Profesorado titor
	<ul style="list-style-type: none"> • Educación afectivo-sexual. 	SER PERSOA	Profesorado titor
	<ul style="list-style-type: none"> • Sesión preavaliación. • Avaliación das actividades do trimestre. 		Profesorado titor
TERCEIRO TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> • Sesión postavaliación. 		Profesorado titor
	<ul style="list-style-type: none"> • Educación para a saúde. 	SER PERSOA	Profesorado titor
	<ul style="list-style-type: none"> • Orientación académico-profesional. 	DECIDIR	Profesorado titor Xefatura departamento orientación
	<ul style="list-style-type: none"> • Sesión preavaliación. • Avaliación das actividades do trimestre e avaliación final da titoría. 		Profesorado titor

3º ESO:

TEMPORALIZACIÓN	ACTUACIÓN	BLOQUE	RESPONSABLES	
PRIMEIRO TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> • Acollida. 	CONVIVIR	Equipo directivo Profesorado titor	
	<ul style="list-style-type: none"> • Presentación da programación da hora lectiva de titoría. • Cuestionario persoal. 		Profesorado titor	
	<ul style="list-style-type: none"> • Elección de delegado/a. • Normas do centro e da aula. 	CONVIVIR	Profesorado titor	
	<ul style="list-style-type: none"> • Técnicas e hábitos de estudo. 	PENSAR	Profesorado titor	
	<ul style="list-style-type: none"> • Sesión preavaliación. • Avaliación das actividades do trimestre 		Profesorado titor	

SEGUNDO TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> Sesión postavaliación. 		Profesorado titor
	<ul style="list-style-type: none"> Habilidades sociais. 	CONVIVIR SER PERSOA	Profesorado titor
	<ul style="list-style-type: none"> Educación afectivo-sexual. 	SER PERSOA	Profesorado titor
	<ul style="list-style-type: none"> Sesión preavaliación. Avaliación das actividades do trimestre. 		Profesorado titor
TERCEIRO TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> Sesión postavaliación. 		Profesorado titor
	<ul style="list-style-type: none"> Educación para a saúde: Prevención de consumo de drogas. 	SER PERSOA	Profesorado titor
	<ul style="list-style-type: none"> Programa de orientación académico-profesional. 	DECIDIR	Xefatura departamento orientación
	<ul style="list-style-type: none"> Sesión preavaliación. Avaliación das actividades do trimestre e avaliación final da tutoría. 		Profesorado titor

4º ESO:

TEMPORALIZACIÓN	ACTUACIÓN	BLOQUE	RESPONSABLES
PRIMEIRO TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> Acollida. 	CONVIVIR	Equipo directivo Profesorado titor
	<ul style="list-style-type: none"> Presentación da programación da hora lectiva de tutoría. Cuestionario persoal. 		Profesorado titor
	<ul style="list-style-type: none"> Elección de delegado/a. Normas do centro e da aula. 	CONVIVIR	Profesorado titor
	<ul style="list-style-type: none"> Técnicas e hábitos de estudo. 	PENSAR	Profesorado titor
	<ul style="list-style-type: none"> Prevención do acoso escolar. 	CONVIVIR	Profesorado titor
	<ul style="list-style-type: none"> Sesión preavaliación. Avaliación das actividades do trimestre 		Profesorado titor
	SEGUNDO TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> Sesión postavaliación. 	
<ul style="list-style-type: none"> Habilidades sociais. 		CONVIVIR SER PERSOA	Profesorado titor
<ul style="list-style-type: none"> Educación para a saúde: alimentación. 		SER PERSOA	Profesorado titor
<ul style="list-style-type: none"> Sesión preavaliación. Avaliación das actividades do trimestre. 			Profesorado titor
TERCEIRO	<ul style="list-style-type: none"> Sesión postavaliación. 		Profesorado titor

TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> • Orientación académico-profesional. 	DECIDIR	Xefatura departamento orientación
	<ul style="list-style-type: none"> • Sesión preavaliación. • Avaliación das actividades do trimestre e avaliación final da titoría. 		Profesorado titor

6. METODOLOXÍA

6.1. Principios xerais

A metodoloxía que utilice o profesorado titor deberá ser activa e participativa para o alumnado e empregar diferentes métodos, técnicas e recursos pedagóxicos.

Á hora de seleccionar os diferentes métodos e técnicas que se van utilizar deberá terse presentes os seguintes principios metodolóxicos:

- Significatividade: partir das ideas previas do alumnado.
- Funcionalidade: buscar aprendizaxes útiles para a vida e que estean conectadas co seu contorno inmediato tanto familiar como escolar.
- Construtividade: favorecer que constrúan os seus propios coñecementos, para iso débese desenvolver a “Zona de Desenvolvemento Próximo”.
- Interactividade nunha dobre dirección: favorecer as relacións con outros compañeiros e compañeiras de clase e do centro, e a relación alumnado-profesorado.
- Flexibilidade: tanto nos métodos a empregar como nas actividades.
- Individualización: adaptarse ás súas características persoais.
- Mediación: darlles a axuda necesaria para que poidan aprender eles mesmos.
- Aprender a aprender: proporcionarlles estratexias para que poidan aprender por si solos, coñecer o contorno inmediato e desenvolverse nel de forma integral.
- Globalidade.
- Indagación e reflexión.

6.2. Aspectos organizativos

6.2.1. Criterios para asignar as titorías

Segundo a lexislación vixente, o profesorado titor será designado pola dirección, por proposta da xefatura de estudos, oída a xefatura do departamento de orientación, entre o profesorado que imparta docencia a todo o grupo.

Para a designación das titorías terase en conta que sexa preferentemente o profesorado que imparta unha materia común a todo o alumnado do grupo.

A dirección do centro determinará a quen lle corresponde asumir a titoría de cada un dos grupos de acordo con criterios de equidade e funcionalidade.

Por outra banda, podemos afirmar que o traballo do titor/a ten como finalidade garantir e asegurar a eficacia do traballo do profesorado sobre o grupo de alumnado. Todo o profesorado é responsable do seguimento do alumnado, aínda que de xeito específico será o titor/a quen coordine as accións que se levan a cabo cun grupo concreto de alumnos/as.

É precisamente no seguimento do proceso persoal do alumnado onde enmarcamos a acción titorial e a figura do titor/a como mediador/a.

No titor/a conflúen gran número de informacións, o que fai que sexa a persoa idónea para ter unha visión máis completa do proceso que realizan o alumno/a e o grupo. Por iso é a referencia oficial para o alumnado, as familias e o profesorado.

Segundo isto, o profesorado titor actúa como:

- Elemento integrador do grupo de alumnos/as:
 - Fai posible a vida do grupo.
 - Favorece o desenvolvemento de cada individuo.
 - Subliña o positivo de cada un.
- Adulto con capacidade para escoitar e comunicarse:
 - Regula as emocións do grupo.
 - Fomenta a aportación de cada un.
 - Canaliza as inquietudes que van xurdindo.
- Elemento activo que pon ao grupo en situación de construírse:
 - Axuda a programar a organización do grupo.
 - Potencia o reparto de responsabilidades.
 - Favorece a solidariedade.
- Profesor-mediador que acompaña a cada alumno no seu desenvolvemento:
 - Ofrece información sobre as súas percepcións e as de todo o profesorado.
 - Axuda a cada un a formular o seguinte paso no seu proceso de crecemento.

Con todo isto, constátase que a tarefa do titor/a é complexa e esixe tempo, preparación e unha colaboración real por parte do todo o equipo.

O nomeamento dos titores/as debería ter en conta:

- A importancia da tarefa que van realizar.
- O traballo que conleva dita tarefa.
- O papel que van desempeñar como interlocutores cas familias, o que os converte na

imaxe social do centro.

Tendo en conta todo isto, o nomeamento dos titores/as debería ter en conta os seguintes criterios:

1. Impartir docencia a todo o alumnado do grupo, para posibilitar o coñecemento de todos e cada un dos membros do grupo.
2. Profesorado con maior número de horas de clase co grupo, ca finalidade de facer posible que o profesor ou profesora que ostenta a tutoría sexa a persoa mellor posicionada para ter un coñecemento óptimo do alumnado.
3. Profesorado con menor carga horaria lectiva xeral. O cumprimento deste criterio garante que a persoa responsable da tutoría poida dispor de máis tempo para dedicar ás tarefas propias que esixe dito cargo.

6.2.2.Coordinación

Para o desenvolvemento efectivo do PAT cómpre que exista unha coordinación real a distintos niveis:

- Entre o profesorado titor e o equipo docente do seu grupo.
- Entre a persoa orientadora e a xefatura de estudos.
- Entre a persoa orientadora e os titores e titoras de cada nivel.
- Entre o equipo docente e a persoa orientadora, cando se estime oportuno ou a situación o requira.

Estas coordinacións levaranse a cabo a través de reunións periódicas das persoas implicadas. Sempre que sexa posible, as reunións quedarán fixadas no horario individual. De non haber coincidencia horaria buscaranse outras alternativas (recreos, gardas...).

Ao comezo de cada curso, antes de comezar as clases, a persoa orientadora terá unha reunión con todo o profesorado titor para presentar e analizar o PAT e proporcionar o material preciso para iniciar o curso. Ao longo do curso, celebraranse reunións por niveis educativos coa periodicidade que en cada caso se determine, co obxecto de unificar criterios e establecer pautas de actuación. A través destas reunións articularanse os recursos persoais e materiais e proporcionarase o asesoramento e apoio necesarios para que sexa posible o desenvolvemento das funcións tutoriais dunha forma coordinada.

Ao longo do curso, a xefatura de estudos e a persoa orientadora irán facendo un seguimento do desenvolvemento do plan para introducir os axustes necesarios.

6.2.3.Horarios

Na ESO, gran parte do PAT desenvolverase na hora lectiva semanal de tutoría.

Para facilitar o seguimento personalizado da evolución académica e persoal do alumnado, o profesorado tutor manterá entrevistas individuais con eles, especialmente nos casos de alumnas e alumnos necesitados dunha orientación especial. O alumnado que se atope en situación de risco de non alcanzar os obxectivos da etapa, á vista do seu rendemento, os que poidan atopar problemas de adaptación escolar ou que teñan especiais dificultades para tomar unha decisión sobre o seu futuro académico e profesional, serán obxecto dunha atención preferente.

Para a atención e asesoramento individual, as titoras e os tutores contarán coa colaboración do departamento de orientación, que atenderá ao alumnado, preferentemente, na hora de tutoría e/ou nos períodos de lecer.

6.2.4.Comunicación coas familias

No mes de outubro cada tutor/a manterá unha reunión informativa coas familias do alumnado do seu grupo, para informarlles sobre o funcionamento xeral do centro e das características do grupo-clase no que están escolarizados os seus fillos e fillas.

Todo o profesorado disporá dunha hora semanal para atender individualmente ás familias co fin de responder ás súas demandas, intercambiar información sobre aspectos que resulten relevantes para mellorar o proceso de aprendizaxe, promover a cooperación na tarefa educativa e acadar compromisos mutuos.

O profesorado tutor manterá informadas ás familias sobre as situacións de inasistencia e abandono que poidan darse ao longo do curso e buscarán a súa cooperación na adopción de medidas correctoras.

Terá unha comunicación máis frecuente coas familias de aqueles alumnos e alumnas que teñan poucas posibilidades de superar o curso, para informarlles sobre as opcións académicas de que dispoñen, previo asesoramento do departamento de orientación.

6.2.5.Seguimento do proceso de avaliación do alumnado do grupo

O profesorado tutor recollerá información sobre o alumnado do grupo e transmitirá ao profesorado, na sesión de avaliación inicial e ao longo do curso, aquelas informacións que

estime oportunas. Ademais, fará un seguimento da evolución do seu alumnado en cada materia para detectar as dificultades que poidan xurdir.

Colaborará na planificación do calendario de probas de avaliación, procurando que resulte equilibrado.

Antes de cada sesión de avaliación, recabará propostas e suxestións, do seu alumnado, que poidan resultar pertinentes para o conxunto de profesorado; e fará unha análise do seu rendemento. Reflexionará con eles sobre o as dificultades que vaian xurdindo e formulará propostas para tentar superalas.

Despois de cada sesión de avaliación, informará ao alumnado sobre o acordado nela, concretando e comunicando as medidas específicas de recuperación para o grupo e alumnado que as precise.

O alumnado que tras os resultados da primeira e segunda avaliacións se atopen en situación de risco de non superar o curso serán obxecto dun seguimento especial. Manterase unha entrevista persoal coa familia para intercambiar información e acadar compromisos, e solicitarase o asesoramento do departamento de orientación.

Realizará o seguimento do alumnado con materias pendentes, apoiando as medidas de recuperación

Ao finalizar o curso escolar, elaborará o informe individualizado de avaliación.

6.3. Estratexias e técnicas docentes

Entre as técnicas e instrumentos tutoriais, poderanse empregar as seguintes:

- 1. Técnicas sociométricas:** permítenos estudar a organización e evolución dos grupos, así como tamén a posición que neles ocupan os seus distintos membros.
- 2. Técnicas grupais:** pequeno grupo de discusión, phillips 66, foro, comisión, seminario, estudo de casos e role playing.
- 3. A entrevista.**
- 4. A observación.**

Tratará de facerse un tratamento personalizado, promovendo a atención individual ao alumnado que o necesite. Dende a titoría, potenciarase o coñecemento do alumnado a

través de: revisión de expedientes, reunións de equipos docentes, aplicación de cuestionarios persoais e cumprimentación da ficha de tutoría.

A **implementación** deste plan farase a través de:

- o horario semanal de tutoría para alumnos/as e familias.
- as distintas materias.
- actividades extraescolares e complementarias: charlas, obradoiros,...

Ademais da intervención directa, o departamento de orientación facilitará todo o material necesario para desenvolver este plan, así como o asesoramento e coordinación que sexan necesarios.

6.4. Recursos

O material que se empregue deberá ser variado e atractivo para o alumnado.

- ❖ Recursos confeccionados e/ou adaptados polo departamento de orientación e o equipo docente:
 - ❑ Fichas persoais do alumnado.
 - ❑ Material informativo: dípticos, caderniños ...
 - ❑ Cuestionarios para familias, alumnado e profesorado.
- ❖ Recursos bibliográficos:
 - ❑ Cadernos de acción tutorial de distintas editoriais.
 - ❑ Materiais elaborados por distintas Administracións públicas (Xunta, Concello, ...).
- ❖ Recursos externos.
 - ❑ Cruz Vermella e outras organizacións.
 - ❑ Outros colaboradores: psicólogos, médicos, traballadores sociais,...

7. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

7.1. Momentos

A avaliación do PAT levarase a cabo en dous **momentos** diferenciados:

- Unha avaliación continua, formativa e orientadora durante a posta en marcha das actividades, o que permitirá a modificación daquelas actividades que resulten nalgunha medida inadecuadas.

- Unha avaliación final, ao rematar o curso. As conclusións obtidas desta avaliación serán tidas en conta para introducir posibles modificacións e axustes no PAT para os cursos seguintes.

7.2. Niveis

Na avaliación participarán todos os axentes implicados: profesorado, familia, alumnado, departamento de orientación e equipo directivo.

7.3. Instrumentos

Os instrumentos que se empregarán para a recollida de datos serán variados: entrevistas, intercambios orais, escalas e cuestionarios, reunións....

7.4. Criterios

Os criterios de avaliación deberán referirse aos obxectivos específicos e terán en conta:

- A adecuación dos obxectivos propostos ás necesidades do centro e do alumnado.
- Os logros acadados en relación aos obxectivos propostos.
- O nivel de participación e satisfacción nas actividades programadas.
- A asistencia ás reunións e entrevistas.
- A adecuación das actividades ás necesidades e intereses do grupo.
- A utilización de recursos variados e motivadores.
- A adecuación da temporalización das actividades.
- A adecuación dos materiais empregados.

7.5. Memoria

Ao finalizar o curso escolar, o departamento de orientación elaborará unha memoria final sobre o desenvolvemento do plan de acción tutorial. Dita memoria consistirá nunha síntese reflexiva sobre os logros acadados, as dificultades atopadas, os factores que puideron influír e, se é o caso, os aspectos que será necesario modificar no PAT.

Para a súa elaboración, as titoras e titores aportarán o seu punto de vista, tanto na reunión de coordinación nas que se aborde este aspecto, como a través da memoria de cada grupo, para o que contarán coas achegas do alumnado.

Cada titor e titora indicará as tarefas realizadas, os obxectivos conseguidos e as dificultades atopadas; e analizará e valorará o traballo desenvolvido,.